



NOTA DE PRENSA

Comeza a conta atrás para o festival Sarria & Blues no Camiño

Sarria, Lugo, 30 de xuño de 2022

Co final das festas de San Xoan, **Sarria** prepárase para o festival de músicas afroamericanas, **Sarria & Blues no Camiño**, que se celebrará do **4 ao 7 de agosto**, con máis de 30 músicos nacionais e internacionais de diversos xéneros da música negra, dos que iremos proporcionando información detalladamente.

Durante os catro días, o festival prescindirá do habitual escenario central para distribuírse por toda a localidade, co obxectivo de facer chegar a música en directo ao maior número posible de veciños. Cada día haberá un escenario principal distinto, como o **Campo da Feira** a antiga fábrica da **Feculera**, **A Unión** ou a **Praza de Santa Mariña**, e varios alternativos en distintos puntos, como a **Residencia de Anciáns**, **A Illa do Toleiro**, **A Rúa Maior** e varios cruces principais.

Ademáis dos concertos, que serán de acceso libre e gratuíto, o festival quere abrir unha xanela á cultura que rodea o blues con exposicións de gravados, pintura e fotografía, presentación dun libro de gastronomía afroamericana, contacontos infantil, elaboración dun mural, hip-hop e proxección de documentais.

Sarria & Blues no Camiño é un proxecto que vén sumarse á puxante actividade musical e cultural que vive esta localidade lucense pródiga en festivais como o Esmorga, Garitosis, Noite Meiga, A Verbena, Terra Brava, Intergeneraciones, San Martiño Canibal, Espantada Rock, Ribela: Love & Nature e o seu prestixioso Festival de Maxia.

O festival está aberto á colaboración con tódalas asociacións e entidades cidadás de todo tipo, incluíndo obviamente ao comercio e a hostalería, coa filosofía que de que todos os sarriáns poidan participar dunha ou outra forma, e a cita musical, ademáis de proporcionar diversión, **contribúa a beneficiar a actividade económica local**.



Sarria & Blues no Camiño

Un cruceiro no crossroads

Contacto: comunicacion@sarriabluesnocamino.es

Máis info: <https://sarriabluesnocamino.es>